

**IDEAS**  
**PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS**  
**18 XUÑO 2023**

## **Ide ás ovellas descarreiradas**

### **1. VER: Necesítanse voluntarios**

- Contan que o astro rei ocultábase polo poñente, pero vendo que a terra se mergullaba na escuridade preguntou con tristeza: “Non haberá quen me releve?”

Entón a humilde lampadiña de barro quedou mirando e exclamou: “Mestre, aquí estou, farase o que se poida”. No noso mundo necesítanse voluntarios na casa nos colexios, asociacións para que boten unha man cada un co que sabe e pode. Así se van solucionado problemas que imos atopando.

***Que opinas da lampadiña?  
Que necesidades ves ao teu redor?***

### **2. XULGAR: Ide ás ovellas descarreiradas**

- No evanxeo de hoxe, Xesús se compadece dos cansos, dos que andan “*como ovellas que non teñen pastor*”. Di ademais que necesita quen lle bote unha man.

E logo elixe aos doce apóstolos e dá os seus nomes: “*chamou os seus doce discípulos e deulles autoridade para expulsar espíritos inmundos e curar toda enfermidade e toda doenza*”.

## QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Xesús elixe os 12 para que continúen a súa misión na terra.

*\*Aprendemos os seus nomes: Pedro e Andrés, Santiago e Xoán, Filipe e Bartolomeu, Tomé e Mateo, Santiago e Tadeo; Simón o de Caná e Xudas. Hoxe elíxenos a nós, somos dos seus, os seus voluntarios.*

- Xesús elíxeos para que continúen a súa misión na terra. *A súa misión é: “Ide e proclamade que chegou o reino dos ceos. Curade enfermos, resucitade mortos, limpade leprosos, lanzade demos”.*

A nosa misión hoxe é: cura, resucita, limpa, expulsa, acolle, reivindica, escoita, loita abraza, impulsa, acariña, transforma. *Con El todo será posible.*

- Pero Xesús envíanos onde haxa persoas que necesiten da boa noticia de Deus: persoas cansas, desorientadas...

*\*A ti e a min quérenos nas periferias, alí onde hai dor, desesperanza, falta de luz ou de alegría.*

*Que implica ir ás ovellas descarreiradas?*

### **3. ACTUAR: Vivamos a vocación de acompañar**

- Xesús necesítate para acompañar os desorientados de hoxe.
- Sintamos a seguridade de que o Señor nos acompaña, que quere o mellor para nós, que podemos saborealo na eucaristía e na súa Palabra, que pode transformar ata o máis íntimo do corazón.

*En que poderías mellorar?  
Que imos facer?*

# LECTURAS

**ÉXODO 19, 2-6ª:** *Seredes para min un reino de sacerdotes e unha nación santa*

Naqueles días, chegaron os fillos de Israel ao deserto do Sinaí e acamparon alí, fronte á montaña. **Moisés subiu cara a Deus. O Señor chamouno desde a montaña, dicindo:** «Así dirás á casa de Xacob, e isto anunciarás aos fillos de Israel: *"Vós vistes o que fixen cos exipcios, e como vos levei sobre ás de aguias e vos trouxen a min. Agora, pois, se de verdade obedecédesme e **gardades a miña alianza**, seredes a miña propiedade persoal entre todos os pobos, porque miña é toda a terra. Seredes para min un reino de sacerdotes e unha nación santa."*» Palabra do Señor.

**SALMO 99:**

**Nós somos o seu pobo e ovellas do seu rabaño.**

**ROMANOS 5, 6-11:** **Se fomos reconciliados con Deus pola morte do seu Fillo con tanta máis razón seremos salvos pola súa vida!**

**MATEO 9, 36 - 10, 8: Chamando os seus doce discípulos, enviounos**

**Narrador:** Naquel tempo, ao ver Xesús as xentes, compadeciábase delas, porque estaban extenuadas e **abandonadas, «como ovellas que non teñen pastor»**. Entón díxolles aos seus discípulos:

**Xesús:** -«*A seara é grande, pero os traballadores son poucos; rogade, pois, ao Señor da seara **que mande traballadores á súa seara***».

**Narrador:** Chamou aos seus doce discípulos e deulles autoridade para expulsar espíritos inmundos e **curar toda enfermidade e toda doenza**. Estes son os nomes dos doce apóstolos: o primeiro, Simón, chamado Pedro, e Andrés, o seu irmán; Santiago o Zebedeo, e Xoán, o seu irmán; Filipe e Bartolomeu, Tomé e Mateo o publicano; Santiago o de Alfeo, e Tadeo; Simón o de Caná, e Xudas Iscariote, o que o entregou. **A estes doce enviounos** Xesús con estas instrucións:

**Xesús:** -«*Non vaiades a terra de pagáns, nin entredes nas cidades de Samaria, senón ide ás ovellas descarreiradas de Israel. **Ide e proclamade** que chegou o reino dos ceos.. **Curade enfermos, resucitade mortos, limpade leprosos, lanzade demos. Gratis recibistes, dade gratis***».

**(Narrador-Xesús).**